

Quen somos?

EURES (Servizo Europeo de Emprego) é unha rede creada pola Comisión Europea, con representantes en todos e cada un dos Estados membros, co fin de prestar servizos de información, asesoramento e colocación, sobre o mercado de traballo no Espazo Económico Europeo.

Dentro da Rede EURES atópase o Servizo EURES Transfronteirizo que ten como obxectivo dar resposta ás necesidades de información ligadas á **mobilidade fronteiriza** de traballadores e empresarios.

Ata o momento existen en toda Europa vinte EURES Transfronteirizos, un dos cales recibe o nome de **GALICIA-NORTE PORTUGAL** por actuar precisamente nesta rexión fronteiriza. Este servizo ten a súa oficina central en Valença do Minho (Portugal).

Que facemos?

O Servizo EURES Transfronteirizo

- Facilita o acceso á información sobre ofertas e demandas de emprego na área fronteiriza Galicia-Norte de Portugal;
- Informa sobre lexislación dos dous países en materia laboral, fiscal, social...;
- Proporciona elementos informativos sobre condicións de vida e de traballo a ambos lados da fronteira;
- Orienta en materia de formación e prácticas profesionais na rexión fronteiriza.

Para quen?

- Traballadores transfronteirizos
- Xóvenes e adultos desempregados
- Traballadores que desexen mellorar ou trocar o seu traballo
- Xóvenes que buscan o seu primeiro emprego
- Empresarios e xestores de recursos humanos
- Estudantes

Con quen?

O servizo de información e asesoramento que proporciona o EURES Transfronteirizo lévase a cabo a través do labor dos **Conselleiros EURES**.

Son persoas especialistas no mercado de traballo a nivel comunitario e transfronteirizo. Pertencen ós servizos públicos de emprego, organizacións sindicais, organizacións patronais, universidades ou outras.

Os **Conselleiros EURES** dispoñen dos coñecementos e dos medios necesarios para:

- Facilitar o acceso a informacións sobre ofertas e demandas de emprego
- Informar sobre a lexislación existente en materia laboral, social, fiscal...
- Orientar sobre as condicións de vida e de traballo
- Aconsellar sobre as estratexias a seguir para a consecución de emprego



EURES en Galicia

Para calquera consulta ou dúbida relacionada con mobilidade transnacional ou transfronteiriza contacte (cita previa) co Conselleiro EURES do Servizo Público de Emprego de Galicia da súa provincia:

EN PONTEVEDRA: ELISA GONZÁLEZ PÉREZ

Oficina de Apoio ao Empregador. Ronda de Don Bosco 1. 36202 Vigo
Tel +34 886 218 164 - Fax +34 886 218 161 - E-mail: eures-t.pontevedra@xunta.es

EN PONTEVEDRA: TERESA SERRANO MORENO

Oficina de Apoio ao Empregador. Ronda de Don Bosco 1. 36202 Vigo
Tel. +34 986 817 747 - Fax +34 886 218 161 - E-mail: eures.pontevedra@xunta.es

EN OURENSE: MANUEL IGLESIAS SUÁREZ-NOGUEROL

Oficina de Emprego-Centro. R/ Progreso, 11 baixo. 32005 Ourense
Tel +34 988 222 636 - Fax +34 988 222 641 - E-mail: eures.ourense@xunta.es

NA CORUÑA: COVADONGA LÓPEZ LÓPEZ

Oficina de Apoio ao Empregador. R/ María Victoria Fernández-España y Fernández-Latorre 1. 15002 A Coruña
Tel +34 881 881 333 - Fax +34 881 881 339 - E-mail: eures.coruna@xunta.es

EN LUGO: CARMEN SANTALLA NOVO

Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar. Ronda da Muralla, 70 - 27071
Tel +34 982 294 285 - Fax +34 982 294 282 - E-mail: eures.lugo@xunta.es

Para asuntos transfronteirizos Galicia-Norte Portugal:

EN PONTEVEDRA: ELISA GONZÁLEZ PÉREZ

Oficina de Apoio ao Empregador. Ronda de Don Bosco 1. 36202 Vigo
Tel +34 886 218 164 - Fax +34 886 218 161 - E-mail: eures-t.pontevedra@xunta.es

EN OURENSE: MANUEL IGLESIAS SUÁREZ-NOGUEROL

Oficina de Emprego-Centro. R/ Progreso, 11 baixo. 32005 Ourense
Tel +34 988 222 636 - Fax +34 988 222 641 - E-mail: eures.ourense@xunta.es



EURES Transfronteirizo Galicia-Norte Portugal
Ed. Ex-Alfândega. Av. de Espanha, 4930 Valença (Portugal)
Tel. (+351) 251 826 105
www.eures-norteportugal-galicia.org



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Formación e Colocación



Financiado pola Comisión Europea



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



EURES Transfronteirizo Galicia-Norte Portugal
COÑECE OS TEUS DEREITOS!



Vivir en Galicia e Traballar en Portugal



EURES

Traballar no Espazo Económico Europeo

O Tratado da Comunidade Europea establece o principio do dereito dos cidadáns da Unión Europea (UE) a circular e permanecer libremente no territorio dos Estados membros, suxeitos a determinadas condicións.

O principio básico polo que se rexen as condicións de acceso ao emprego dos traballadores da Unión Europea nos Estados membros é o de recibir un trato igual ao que se lles dispensa aos traballadores nacionais.

O principio de igualdade de trato á hora de acceder ao emprego significa que os traballadores da UE terán a mesma prioridade cós nacionais cando se trate de accederen a un emprego en calquera Estado membro. Os Estados membros non poden impor ningunha condición que poida levar a unha discriminación dos cidadáns da UE non nacionais ou que poida restrinxir o seu dereito a accederen a un emprego.

O principio da libre circulación dos traballadores dentro da UE aplícaselles tamén aos **FRONTEIRIZOS**, é dicir, ás persoas que traballan nun país da UE e residen noutro. Porén, a definición de traballador fronteirizo pode variar en función do ámbito que se considere (normativa fiscal, dereitos sociais, etc.).

Neste folleto ofrecemos algunhas informacións de interese para todas aquelas persoas que teñan fixada a súa residencia en Galicia e traballen ou pretendan traballar en Portugal.

Aínda que este traballo foi realizado co máximo interese, o Servizo EURES Transfronteirizo Galicia-Norte Portugal non aceptará responsabilidades derivadas da utilización desta información.

Aínda que este traballo foi realizado co máximo interese, o Servizo EURES Transfronteirizo Galicia-Norte Portugal non aceptará responsabilidades derivadas da utilización desta información.



Seguridade Social

As normas comunitarias sobre a coordinación dos programas de Seguridade Social dos Estados membros están contidas nos Regulamentos 883/2004 e 987/2009 da CE. Estas normas aplícanse aos traballadores asalariados e aos autónomos así como aos membros das súas familias que se despracen dentro da comunidade.

Como norma xeral, os dereitos e deberes da Seguridade Social de empresas e traballadores por conta propia ou allea, son os previstos na lexislación do Estado onde exerzan a súa actividade. No caso dos traballadores, esta norma aplícase mesmo cando residan no territorio doutro Estado ou cando a empresa ou empresario para o que traballen teña a súa sede ou o seu domicilio no territorio do outro Estado.

Os dereitos e obrigas son os mesmos que lles son recoñecidos aos cidadáns do país. Non se consintén ningunha discriminación na atribución das prestacións da Seguridade Social polo feito de non ser cidadán do país no que se está asegurado. As obrigas tamén son as mesmas que están definidas para os respectivos nacionais.

Non obstante, como excepción a esta norma xeral, o traballador que exerza unha actividade no territorio dun dos Estados, ben por conta propia ben por conta allea, ao servizo dunha empresa para a que traballe normalmente, e que sexa desprazado no territorio do outro Estado co fin de efectuar alí un traballo por conta propia ou por conta da empresa, quedará suxeito á

lexislación da Seguridade Social do primeiro Estado sempre que:

- O traballo a realizar no país ao que foi desprazado non exceda de 24 meses.
- O traballador por conta allea non sexa enviado en substitución doutra persoa que teña chegado ao remate do período polo que foi desprazado.

Para que o desprazamento se poida realizar, solicitarase ante a Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social, ou administracións desta, a expedición do formulario A1 que certifica que o traballador continúa sometido á lexislación española de Seguridade Social durante o seu desprazamento a un país membro da Unión Europea e, en consecuencia, está exento de cotizar á Seguridade Social do país respectivo.

Ademais deste formulario se deberá solicitar no Instituto Nacional da Seguridade Social a Tarxeta Sanitaria Europea ou o documento S1 que dá dereito a recibir a prestación de asistencia sanitaria no país de emprego.

O traballador fronteirizo, é dicir, aquel que exerce unha actividade por conta allea ou por conta propia no territorio dun Estado membro diferente daquel no que reside, regresando a este último todos os días, ou cando menos unha vez por semana, está sometido á lexislación do Estado no que traballa (artigo 11 do Regulamento CE nº 883/2004).

Ademais disto, os traballadores fronteirizos e os membros da súa familia poderán ter dereito tamén, no seu lugar de residencia, ás prestacións económicas e en especie servidas por conta da institución competente no país de traballo (art. 17 do Regulamento CE nº 883/2004). Para poder exercer este dereito, os asegurados e os membros da súa familia, terán que se dotar dos oportunos certificados/formularios, que acrediten as informacións necesarias para verificar os dereitos e facilitar a cooperación entre as institucións de Seguridade Social dos dous países.

O documento máis importante, que debe ser solicitado na institución competente da Seguridade Social do país de traballo e entregado na institución competente da Seguridade Social do país de residencia, é o S1.

Para obter máis información deberán contactar coas institucións de Seguridade Social máis próximas.

Desemprego

As normas comunitarias sobre a coordinación dos programas de Seguridade Social dos Estados membros están contidas nos Regulamentos CE nº 883/2004 e 987/2009.

Polo que se refire ás prestacións por desemprego, os traballadores fronteirizos, é dicir, aqueles que exercen unha actividade asalariada no territorio dun Estado membro diferente daquel no que residen, regresando a este último diariamente, ou polo menos unha vez por semana, teñen un tratamento diferenciado daquel que está previsto para os demais desempregados.

Segundo se recolle no artigo 61 e ss. do Regulamento 883/2004, o traballador fronteirizo por conta allea en situación de desemprego completo, gozará das prestacións conforme o disposto na lexislación do Estado membro do territorio no que reside. Estas prestacións son concedidas e abonadas pola institución do lugar de residencia e quedan ao seu cargo.

Esto significa que teñen que facer a súa inscrición e requirir a prestación de desemprego nas oficinas de emprego do país de residencia.

Para se beneficiar da prestación de desemprego, os traballadores fronteirizos teñen que presentar, na institución competente do país de residencia, o formulario U1, emitido pola Seguridade Social do país no que estivesen suxeitos en último lugar, a efectos de verificación de dereitos e procesamento das prestacións. Ademais, se fose necesario, computaranse tamén as cotizacións efectuadas polo traballador no país de residencia ou noutro país da Comunidade Europea.

No relativo ao cálculo da prestación de desemprego, a súa contía determinarase en función dos salarios recibidos inmediatamente antes de se verificar o desemprego.

Para obter máis información deberá contactar cos servizos de información do Servizo Público de Emprego Estatal máis próximos.

Tributación

Os residentes en España tributarán no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) pola totalidade das súas rendas mundiais, independentemente do país no que se obteñan.

Considérase que unha persoa física ten a súa residencia habitual en España en calquera destes casos:

- que permaneza máis de 183 días durante o ano natural en territorio español, computando as ausencias esporádicas.
- que radique en España o núcleo principal ou a base das súas actividades ou intereses económicos. Presúmese, agás proba en contra, que isto sucede se reside en España o cónxuxe non separado legalmente e os fillos menores de idade que dependan dela.

Como tributan os rendementos obtidos nun dos Estados (España/Portugal) por un residente no outro Estado (Portugal/España)?

Se unha persoa obtén rendas nun Estado diferente ao da súa residencia, pode quedar suxeita a dous impostos: no Estado de residencia pola súa renda mundial e no outro Estado polas rendas que alí obteña. Neste caso acudirase ao **Convenio entre la República Portuguesa y el Reino de España para Evitar la Imposición y Prevenir la Evasión Fiscal en Materia de Impuestos sobre la Renta (CDI)** suscrito entre ambos países o 26/10/1993 e ratificado no ano 1995 (BOE do 1/11/1995), e seguindo as súas regras indagarase se as rendas que se obteñen nun Estado distinto ao de residencia deben ou non tributar alí por un imposto para non residentes. Para a aplicación destas regras deberase solicitar previamente un **certificado de residencia fiscal** e facilitarlo ao pagador das rendas co obxecto de que non se lle practique retención.

Como tributa o profesional independente?

Os rendementos obtidos por un residente nun Estado polo exercicio dunha profesión liberal ou doutras actividades de carácter independente só poden suxeitarse a tributación nese Estado, a non ser que o residente dispoña de forma habitual, no outro Estado, dunha instalación fixa para o exercicio das súas actividades. Neste último caso, os rendementos poden ser obxecto de tributación no outro Estado, pero unicamente na medida na que sexan imputables a esa instalación fixa.

Como tributan os traballadores dependentes?

Os rendementos obtidos por razón dun emprego exercido nun Estado (España/Portugal) por un **traballador fronteirizo**, é dicir, aquel que ten a súa vivenda habitual no outro Estado (Portugal/España) ao que normalmente retorna cada día, só se poderán someter a **imposición no Estado de residencia**. Polo tanto, as retribucións percibidas non soportarán retencións na orixe. O traballador estará suxeito ao establecido pola lei do imposto que grava os rendementos do traballo no país no que reside. A residencia acredítase cun **certificado de residencia fiscal** expedido pola **Axencia Estatal da Administración Tributaria** do país de residencia.

En que consiste a dedución por dobre imposición internacional?

Sen prexuízo de todo o exposto anteriormente, cando unha persoa residente nun Estado obtívese rendementos que poidan estar sometidos a tributación no outro Estado, o de residencia permitirá a dedución do imposto sobre a renda dese residente dunha cantidade igual á efectivamente pagada no outro Estado. Esta dedución non poderá exceder da parte do imposto, calculado antes da dedución, correspondente ás rendas que se poidan someter a tributación no outro Estado.

Para obter máis información deberá contactar coa Delegación ou coa Administración da **Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)** máis próxima.

Impostos

GALICIA

www.aeat.es

VIGO. AGENCIA ESTATAL ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA (AEAT)
R/ Lalin, 2. 36209 Vigo
Tel.: +34 986 202 411

TUI. AEAT
Pr. San Fernando, 2. 36700 Tui
Tel.: +34 986 600 400

PONTEAREAS. AEAT
Av. Galicia, s/n. 36860 Ponteareas
Tel.: +34 986 641 525

PONTEVEDRA. AEAT
Pl. Ourense, 1. 36002 Pontevedra
Tel.: +34 986 851 531

GALICIA

www.sepe.es

SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL. DIRECCIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
R/ Cánovas del Castillo 18. 36202 Vigo
Tel.: +34 986 221 280

SEPE. DIRECCIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
Av. de Marín 29-31. 32001 Ourense
Tel.: +34 988 219 265

SEPE. DIRECCIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA
R/ Alejandro Barreiro Noya, 1-3. 15006 A Coruña
Tel.: +34 981 138 209

SEPE. DIRECCIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Ronda da Muralla, 50. 27003 Lugo
Tel.: +34 982 223 818

GALICIA

www.seg-social.es

VIGO. INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL (INSS)
R/ O Grove, 4. 36209 Vigo - Tel.: +34 986 207 720
R/ Dr. Cadaval, 29. 36202 Vigo - Tel.: +34 986 223 175

TUI. INSS
R/ Párroco Rodríguez Vázquez, 3. 36700 Tui
Tel.: +34 986 603 027

PONTEAREAS. INSS
Praza Maior, 13. 36860 Ponteareas
Tel.: +34 986 640 018

OURENSE. INSS
R/ Concejo, 1. 32003 Ourense
Tel.: +34 988 369 501

VERÍN. INSS
R/ Dr. Pedro González, 3. 32600 Verín
Tel.: +34 988 410 253

Enderezos de Utilidade

OURENSE. AEAT
R/ Santo Domingo. 32003 Ourense
Tel.: +34 988 232 511

VERÍN. AEAT
R/ Colón, s/n. 32600 Verín
Tel.: +34 988 411 510

PORTUGAL

www.portaldasfinancas.gov.pt

DIRECÇÃO DE FINANÇAS DE VIANA DO CASTELO
Rua Sá de Miranda, 37. 4900-529 Viana do Castelo
Tel.: +351 258 810 200 - Fax: +351 258 810 201

DIRECÇÃO DE FINANÇAS DE BRAGA
Rua Dr. Costa Júnior, 31. 4710-231 Braga
Tel.: +351 253 204 500 - Fax: +351 253 204 087

DIRECÇÃO DE FINANÇAS DO PORTO
Rua de Santa Catarina, 1011. 4049-050 Porto
Tel.: +351 223 398 000 - Fax: +351 223 398 010

DIRECÇÃO DE FINANÇAS DE VILA REAL
Rua Voz de Trás-os-Montes 12. 5000-536 Vila Real
Tel.: +351 259 320 800 - Fax: +351 259 320 890

PORTUGAL

www.iefp.pt | www.seg-social.pt

CENTRO DE EMPREGO DE VALENÇA
Av. Miguel Dantas. Edif. Troias-BI. Nasc. r/c. 4930-678 Valença
Tel.: +351 251 809 020 - Fax: +351 251 809 037

CENTRO DE EMPREGO DE VIANA DO CASTELO
Rua Pedro Homem de Melo, 52-60. 4901-861 Viana do Castelo
Tel.: +351 258 807 300 - Fax: +351 258 807 301

CENTRO DE EMPREGO DOS ARCOS DE VALDEVEZ
Gaveto da R. Nunes de Azevedo. Estrada da Cepa 6. 4970-446 Arcos de Valdevez
Tel.: +351 258 521 395 - Fax: +351 258 521 398

CENTRO DE EMPREGO DE CHAVES
Rua Bispo Idácio, 50. 5400-446 Chaves
Tel.: +351 276 340 330 - Fax: +351 276 340 338

PORTUGAL

www.seg-social.pt

CDSSS DE VIANA DO CASTELO
Rua da Bandeira, 600. 4901-866 Viana do Castelo
Tel.: +351 258 810 300 - Fax: +351 258 810 310

CDSSS DE BRAGA
Praça da Justiça. 4714-505 Braga
Tel.: +351 253 613 080 - Fax: +351 253 613 090

CDSSS DO PORTO
Rua António Patrício, 262. 4199-001 Porto
Tel.: +351 226 088 208 - Fax: +351 226 088 292

CDSSS DE VILA REAL
Rua D. Pedro de Castro, 110. 5000-669 Vila Real
Tel.: +351 259 308 700 - Fax: +351 259 308 733